

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

IES PEDRO FLORIANI Redondela

CURSO 2022-2023

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	5
CONTEXTUALIZACION	5
CARACTERÍSTICAS DO CENTRO:	5
CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO:	6
DATOS DO DEPARTAMENTO	6
MATERIAS E DISTRIBUCIÓN HORARIA.....	6
PROFESORADO E REPARTO.....	7
REUNIÓNS DE DEPARTAMENTO	7
REFERENCIAS LEXISLATIVAS	7
OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	8
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN CON RELACIÓNAOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.	10
<i>Competencias clave</i>	10
<i>Desenvolvemento das competencias</i>	10
<i>Concreción de competencias por estándares de aprendizaxe</i>	11
CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA ESTE CURSO	13
CONCRECIÓNS DA PROGRAMACIÓN:.....	14
<i>Concreción por bloques, para cada estándar de aprendizaxe avaliable dos obxetivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave</i>	14
<i>Temporalización, grao mínimo de consecución de obxetivos, procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe</i>	19
<i>Análise por unidades didácticas, actividades e instrumentos de avaliación</i>	22
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.....	22
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR.	23
CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	24
<i>Criterios de avaliación: Rúbricas</i>	24
<i>Criterios de Cuantificación</i>	26
INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	27
<i>Avaliación do proceso de ensino:</i>	27
<i>Avaliación da práctica docente:</i>	27
ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DESEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES...28	
<i>Proceso de recuperación das avaliacións non superadas.</i>	28
<i>Alumnado de 3º ESO coa Tecnoloxía de 2º pendente</i>	28
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	28
CONCRECIÓNS DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS:	29
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS	30
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	30
PROGRAMACIÓN TECNOLOXÍA 4ºESO	31
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN CON RELACIÓNAOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.	31
<i>Competencias clave</i>	31
<i>Desenvolvemento das competencias</i>	31
<i>Concreción de competencias por estándares de aprendizaxe</i>	32
CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA ESTE CURSO	34
CONCRECIÓNS DA PROGRAMACIÓN:.....	35

<i>Concreción por bloques, para cada estándar de aprendizaxe avaliable dos obxetivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave</i>	35
.....	40
<i>Temporalización, grao mínimo de consecución de obxetivos, procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe</i>	41
<i>Análise por unidades didácticas, actividades e instrumentos de avaliación</i>	44
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.....	46
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR.....	46
CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	47
<i>Criterios de avaliación: Rúbricas</i>	47
<i>Criterios de Cuantificación</i>	49
INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	50
<i>Avaliación do proceso de ensino</i>	50
<i>Avaliación da práctica docente</i>	50
ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES...51	
<i>Proceso de recuperación das avaliacións non superadas</i>	51
<i>Non se pode ter a tecnoloxía de 4º ESO pendente polo que non procede o análise desta como pendente</i>	51
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	51
CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS:.....	51
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS.....	52
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	53
OBXETIVOS XERAIS DO BACHARELATO.....	54
PROGRAMACIÓN TIC II 2º BACHARELATO.....	55
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	55
<i>Competencias clave</i>	55
<i>Desenvolvemento das competencias</i>	55
<i>Concreción de competencias por estándares de aprendizaxe</i>	56
CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA ESTE CURSO.....	57
CONCRECIÓNS DA PROGRAMACIÓN:.....	57
<i>Concreción por bloques, para cada estándar de aprendizaxe avaliable dos obxetivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave</i>	57
<i>Temporalización, grao mínimo de consecución de obxetivos, procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe</i>	61
<i>Análise por unidades didácticas, actividades e instrumentos de avaliación</i>	63
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.....	64
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR.....	64
CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	64
<i>Instrumentos de avaliación</i>	64
<i>Criterios de avaliación e ponderación</i>	65
<i>Criterios de cualificación</i>	65
<i>Recuperación</i>	65
INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	66
<i>Avaliación do proceso de ensino</i>	66
<i>Avaliación da práctica docente</i>	66
ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	67
PROCEDEMENTO PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS NOS CONTIDOS PROGRESIVOS.....	67
DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE Poidan ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.....	67
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	67

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS:	68
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	69
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS. PROCESOS DE MELLORA.....	69

INTRODUCCIÓN

A Tecnoloxía desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque **proporciona un conxunto de coñecementos, técnicas e habilidades que permiten dar solución a problemas** tanto individuais como colectivos. A tecnoloxía achégalle ao currículo a capacidade de analizar, deseñar,construir ou modificar-mellorar dispositivos tecnolóxicos, polo tanto, ten moito que ver coa innovación, o traballo en equipo, o carácter emprendedor e a necesidade de construír unha sociedade sustentable.

A materia de Tecnoloxía trata de lograr os seus fins abordando un amplo conxunto de **coñecementos** que agrupamos nos seguintes bloques:

Tecnoloxía e Sociedade

Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos

Ferramentas

Materiais

Procedementos de fabricación

Estructuras

Recursos enerxéticos

Máquinas

Electricidade: circuitos de CC e CA

Instalacións nas vivendas

Electrónica

Neumática e Hidráulica

Control e programación de sistemas automáticos

Robótica

Dende o punto de vista metodolóxico, o ensino desta materia require que se realicen proxectos nos que se traballa en equipo para resolver pequenos problemas tecnolóxicos que permiten aplicar os coñecementos adquiridos. Trátase de aprender a planificar a realización de actividades de deseño, de montaxe, de construción e de verificación das características dos prototipos, contextos de aprendizaxe nos que son importantes a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade, e nos que as tecnoloxías da información e da comunicación son ferramentas imprescindibles para a busca de información, para a elaboración de documentos e planos, para a realización de simulacións e de cálculos técnicos e económicos, e para a presentación ou a publicación de resultados, polo que o ensino da informática faremola através da planificación e presentación do informe técnico para cada proxecto.

CONTEXTUALIZACION

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO:

A presente Programación está deseñada para o Instituto de Ensinanza Secundaria PEDRO FLORIANI de Redondela (Pontevedra). Trátasedun Centro rural de pequenas dimensións no referente a número de alumnos (aproximadamente un total de 450) pero moi diverso e amplo no referente a ensinanzas que se imparten:

- ESO (dúas líneas)
- Bacharelato nas 3 modalidades (Artes, Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais)
- ESA

- Ciclos formativos de grao medio de Instalacións de telecomunicación
- Ciclos formativos de grao medio de xestión administrativa
- Ciclo de grao superior de Administración e finanzas
- Dous ciclos básicos: de electricidade-electrónica e de servizos administrativos
- Escola oficial de idiomas.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO:

A maioría do alumnado provén do medio rural, de aldeas do Concello. Os alumnos da ESO contan co servizo de autobuses escolares para desprazarse ata Rendodela.

A lingua materna dominante é claramente o castelán.

Existe gran cantidade de alumnado con necesidades educativas especiais e temos varios alumnos de aldeas infantís. Somos o único Centro do contorno que ten FP básica, polo que, o número de alumnado conflictivo tamén é notable.

DATOS DO DEPARTAMENTO

MATERIAS e DISTRIBUCIÓN HORARIA

NIVEL	ÁREA / MATERIA	CARGA HORARIA SEMANAL	Nº GRUPOS	TOTAL HORAS
1º ESO	Tecnoloxía e Dixitalización	3H	2	6
2º ESO	TECNOLOXÍA	3H	2	6
4º ESO	TECNOLOXÍA	3H	2	6
3º ESO	Educación Dixital	3H	2	6
1º BACHARELATO	Tecnoloxía Industrial I	3H	1	3
1º BACHARELATO	TIC I	3H	1	3
2º BACHARELATO	TIC II	3H	1	3
		Nº TOTAL HORAS	33 + 2 XD + 1 TUT = 36H	

PROFESORADO e REPARTO

PROFESOR	NIVEL	ÁREA ou MATERIA (horas semanais)	CURSO e GRUPOS
M^a Pilar Domínguez Requejo Xefa departamento Prof secund. Tecnoloxía 2º curso no Centro	ESO	Tecnoloxía 1º ESO (6H)	1º ESO A, 1º ESO B
		Educación Dixital 3º ESO (3H)	3º ESO B
		Tecnoloxía (3H)	4º ESO A, 4º ESO B
		TIC 2º Bacharelato (3H)	2º Bacharelato A e B
		Desdobre Tec 2º ESO (2H)	2º ESO A, 2º ESO B
		Total horas lectivas	17H + 2XD = 19H
Rosa M^a Otero Ferreño Xefa de estudos Prof secund. Tecnoloxía 13º curso no Centro	Bacharelato	Tecnoloxía 4º ESO (3H)	4º ESO A
		Total horas lectivas	3H + X.E.
Alba González Nieto Provisional Prof secund. Tecnoloxía 2º curso no CENTRO	ESO Bacharelato	Tecnoloxía 2º ESO (6H)	2º ESO A, 2º ESO B
		Educación Dixital 3º ESO (3H)	3º ESO A
		Tecnoloxía Industrial I (3H)	1º Bach A
		TIC 1º Bacharelato (3H)	1º Bacharelato A, B e C
		Desdobre Tec 1º ESO (2H)	1º ESO A, 1º ESO B
		Total horas lectivas	17H + 1TIT = 18H

Este ano contamos co desdobramento nos cursos de 1º e de 2º da ESO, o cal aproveitaremos unhas veces para o reforzo no taller dos proxectos e outras para o desdobre entre taller e aula TIC.

REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

Este curso as reunión de departamento celebraranse o primeiro mércores de cada mes das 09.00H as 09.50H

REFERENCIAS LEXISLATIVAS

RESOLUCIÓN do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitar se no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio

ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade., e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes a comunidade lusófona.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN CON RELACIÓNAOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

Competencias clave

- 1º Comunicación lingüística (CCL).
- 2º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- 3º Competencia dixital (CD).
- 4º Aprender a aprender (CAA).
- 5º Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7º Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Desenvolvemento das competencias

A comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquira e utilice adecuadamente vocabulario tecnolóxico, elabore informes técnicos, explique conceptos ou elabore e expoña información. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, principais competencias que se desenvolven nesta materia, poden acadarse calculando magnitudes e parámetros e aplicando técnicas de medición e de análise gráfica no contexto do proceso de resolución técnica de problemas, ou construíndo obxectos e verificando o seu funcionamento, competencias que tamén se favorecen utilizando ferramentas e máquinas, analizando procesos e sistemas tecnolóxicos ou mediante a análise e a valoración das repercusións ambientais da actividade tecnolóxica. A competencia dixital desenvolverase co emprego constante das TIC para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos e para simular circuitos, sistemas e procesos tecnolóxicos, ou para controlar e programar sistemas automáticos.

Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe, e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Da mesma forma, as competencias sociais e cívicas acadaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e grupos de forma democrática e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento tecnolóxico e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos tecnolóxicos ao transformar as ideas propias en dispositivos, circuitos ou sistemas. E a conciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos tecnolóxicos nas distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

Concreción de competencias por estándares de aprendizaxe

Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB 1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB 1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
Bloque 2. Expresión e comunicación técnica	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquejos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA
Bloque 3. Materiais de uso técnico	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB3.2.1. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC

Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
<ul style="list-style-type: none"> TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CSC CSIEE
Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos	
<ul style="list-style-type: none"> TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT CD
<ul style="list-style-type: none"> TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD
<ul style="list-style-type: none"> TEB4.2.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CAA CSIEE
Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación	
<ul style="list-style-type: none"> TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD
<ul style="list-style-type: none"> TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD
<ul style="list-style-type: none"> TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD
<ul style="list-style-type: none"> TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT CD

Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCEC

CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA ESTE CURSO

O bloque de **“Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos”** trata o desenvolvemento de habilidades e métodos para identificar as necesidades, formular solucións aos problemas técnicos e proxectar e construír os obxectos que os resolven. Este bloque é transversal con respecto á materia e constitúe o eixe principal do seu desenvolvemento.

Pero debido ao protocolo deste ano a parte de este bloque referido a montaxe e construción do proxectos ten que ser distinto a outros anos e usar sempre que sexa posible materiais e ferramentas de uso individual e non grupal, pero sen excluír o grupo cando sexa necesario e se gardena as medidas sanitarias.

Este curso desenvolveremos xunto co departamento de bioloxía e coordinados polo profesor Eduardo González Martínez un proxecto de Voz Natura, no que participaremos na construción dun Nino de paxaros

No bloque de **“Expresión e comunicación técnica”** apréndese a interpretar e producir documentos técnicos, para o que se deben adquirir técnicas básicas de debuxo: elaboración de esbozos e bosquejos e de manexo de programas de procesamento de textos. Ao longo do curso os documentos deben evolucionar de simples a mais complexos, ao tempo que se introduce o deseño gráfico dixital para elaborar a documentación do proxecto.

O bloque de **“Materiais de uso técnico”** trata as características, propiedades e aplicacións dos materiais técnicos como as técnicas de traballo con ferramentas e máquinas, e os comportamentos relacionados co traballo cooperativo e cos hábitos de seguridade e saúde.

A parte correspondente ao traballo con ferramentas e máquinas tamén se verá modificado durante este curso para adaptarse ao protocolo en vigor

No bloque de **“Máquinas e sistemas”** introducese a identificación das forzas que soporta unha estrutura, os esforzos aos que están sometidos os elementos que a configuran e o funcionamento dos operadores básicos para a transmisión e transformación do movemento, aspectos fundamentais das máquinas. Ademais, tamén se tratan os fenómenos e dispositivos

asociados á electricidade, a forma de enerxía máis utilizada nas máquinas e nos sistemas de control, é, polo tanto, o bloque con moita carga de contidos técnicos polo que o desenvolveremos en 3UD independentes.

Finalmente, o bloque de “**Tecnoloxías da Información e da Comunicación**” é necesario para aprender a utilizar eficientemente as ferramentas dixitais, dominio que debe facilitar as aprendizaxes recollidas nos bloques anteriores. Nesta etapa trátase de usar os equipos informáticos de forma segura para deseñar, elaborar e comunicar os proxectos técnicos, sen esquecer que na sociedade actual é necesaria unha formación adecuada no uso das ferramentas de procura, intercambio e publicación de información.

CONCRECIÓNS DA PROGRAMACIÓN:

Concreción por bloques, para cada estándar de aprendizaxe avaliable dos obxetivos, contidos, criterios de avaliación e competencias clave

Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ f ▪ g ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Fases do proxecto tecnolóxico. A tecnoloxía como resposta ás necesidades humanas. ▪ B1.2. Deseño de prototipos ou maquetas para resolver problemas técnicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Identificar e describir as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Planificación e construción de prototipos ou maquetas mediante o uso responsable de materiais, ferramentas e técnicas axeitadas. ▪ B1.4. Traballo en equipo. Distribución de tarefas e responsabilidades. Seguridade no contorno de traballo. ▪ B1.5. Documentación técnica. Normalización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Realizar as operacións técnicas previstas nun plan de traballo utilizando os recursos materiais e organizativos con criterios de economía, seguridade e respecto polo ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB 1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB 1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
Bloque 2. Expresión e comunicación técnica				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Bosquexos, esbozos, vistas e perspectivas. Cotación e escalas. Normalización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Representar obxectos mediante vistas e perspectivas aplicando criterios de normalización e escalas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB2.1.1. Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA

Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Elementos de información de produtos tecnolóxicos: esbozos e bosquejos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interpretar esbozos e bosquejos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB2.2.1. Interpreta esbozos e bosquejos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Documentación técnica asociada a un produto tecnolóxico. Aplicacións informáticas de deseño asistido por computador e de simulación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Explicar mediante documentación técnica as fases dun produto desde o seu deseño ata a súa comercialización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB2.3.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA
Bloque 3. Materiais de uso técnico				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos. ▪ B3.2. Propiedades dos materiais técnicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB3.1.2. Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Técnicas de traballo cos materiais para a fabricación dos obxectos técnicos. Ferramentas do taller. ▪ B3.4. Normas de seguridade e saúde no taller. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Manipular e mecanizar materiais convencionais asociando a documentación técnica ao proceso de produción dun obxecto, respectando as súas características e empregando técnicas e ferramentas adecuadas, con especial atención ás normas de seguridade e saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB3.2.1. Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB3.2.2. Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estructuras: elementos, tipos e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Analizar e describir os esforzos aos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> funcións. ▪ B4.2. Esforzos básicos aos que están sometidas as estruturas. 	<ul style="list-style-type: none"> que están sometidas as estruturas, experimentando en prototipos. 	<ul style="list-style-type: none"> as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ g ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Mecanismos de transmisión e transformación do movemento en máquinas e sistemas. ▪ B4.4. Relación de transmisión. ▪ B4.5. Simuladores de sistemas mecánicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas e empregalos para deseñar e montar sistemas mecánicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.2.3. Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.2.4. Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.2.5. Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Circuitos eléctricos: compoñentes básicos, funcionamento e simboloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Deseñar e simular circuitos eléctricos con simboloxía adecuada e montalos con operadores elementais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.3.1. Deseña e monta circuitos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE

Tecnoloxía. 1º ciclo de ESO, 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
▪ g		▪	▪ TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
▪ Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación				
▪ f	▪ B5.1. Elementos dun equipamento informático.	▪ B5.1. Distinguir as partes operativas dun equipamento informático.	▪ TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador.	▪ CMCCT ▪ CD
▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ o	▪ B5.2. Deseño, elaboración e comunicación de proxectos técnicos coas tecnoloxías da información e da comunicación.	▪ B5.2. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos sinxelos.	▪ TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.	▪ CMCCT ▪ CD
			▪ TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	▪ CMCCT ▪ CD
			▪ TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ n	▪ B5.3. Programación de aplicacións informáticas. Estrutura e elementos básicos dun programa informático.	▪ B5.3. Deseñar e elaborar unha aplicación mediante un contorno de programación gráfico, utilizando o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	▪ TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.	▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCEC

Temporalización, grao mínimo de consecución de obxetivos, procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

Bloque	Estándar de aprendizaxe avaliable	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación.
Bloque 1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos				
1	TEB1.1.1. Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	Todas as avaliacións	Sabe debuxar a man alzada un esbozo do prototipo incluíndo as dimensións aproximadas do mesmo	Deseño do prototipo. Nota do informe técnico do proxecto
	TEB1.2.1. Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	Todas as avaliacións	Coñece as fases do proceso tecnolóxico e as inclúe na documentación necesaria. Elabora un listado de materiais necesarios para a construción do prototipo. Elabora un listado de ferramentas necesarias para a construción do prototipo. Elabora un listado de tarefas necesarias para a construción do prototipo.	Realización da planificación . Nota do informe técnico do proxecto
	TEB1.2.2. Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	Todas as avaliacións	O prototipo funciona e cumpre as condicións fixadas no problema técnico.	Fabricación do prototipo. Nota do proxecto
	TEB1.2.3. Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	Todas as avaliacións	Ter un comportamento correcto e colabora nas tarefas de elaboración do proxecto e prototipo.	Observación na aula.
Bloque 2. Expresión e comunicación técnica				
2	TEB2.1.1. Interpreta esbozos e bosquejos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	Todas as avaliacións	Identificar os compoñentes	Realización de actividades

	TEB2.2.1. Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.	Todas as avaliacións	Empregar software de procesamento de textos para elaborar documentos.	Realización do informe no ordenador da aula.
Bloque 3. Materiais de uso técnico				
3	TEB3.1.1. Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.	2ª avaliación	Coñecer e clasificar correctamente diferentes materiais. Coñece as operacións básicas de conformado de pezas	Realización de exercicios. Realización dunha proba escrita.
	TEB3.1.2. Explica as técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico.	2ª avaliación	Identificar as diferentes propiedades: dureza, elasticidade, plasticidade, tenacidade, maleabilidade, ductilidade, condutividade térmica e eléctrica.	Realización de exercicios. Realización de probas escritas.
Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos				
4	TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos	2ª avaliación	Coñece diferentes formas de transmitir ou transformar o movemento	Realización de exercicios. Realización de probas escritas.
	TEB4.2.3. identifica e recoñece nome e funcionamento das diferentes máquinas simples	2ª avaliación	Recoñece e coñece o funcionamento básico das máquinas simples	Realización de exercicios. Realización de probas escritas.
	TEB4.1.1. Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.	3ª avaliación	Debuxar nun esquema dun circuito eléctrico por onde pasa a corrente. Identificar cortocircuitos e as súas consecuencias. Diferenciar entre corrente continua e corrente alterna	Realización de exercicios. Realización de probas escritas.
	TEB4.2.1. Coñece os instrumentos de medida para coñecer as magnitudes eléctricas de circuitos básicos.	3ª avaliación	Debuxar sobre o esquema dun circuito eléctrico o símbolo do aparato de medida axeitado para a medida de resistencia, voltaxe e intensidade.	Realización de exercicios. Realización de probas escritas.

	TEB4.2.2. Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuitos eléctricos sinxelos.	3ª avaliación	Calcular as magnitudes voltaxe, resistencia, intensidade e potencia en circuitos serie, paralelo e mixtos con ata tres resistencias.	Realización de exercicios. Realización de probas escritas.
4	TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	3ª avaliación	Saber implementar os circuitos propostos como exercicio nun programa simulador de circuitos electrónicos.	Realización das prácticas propostas no ordenador. Observación directa do manexo.
	TEB4.1.1. Identifica os tipos de estruturas, elementos e características principais	1ª avaliación	Identifica correctamente os tipos de estruturas	Realización de exercicios. Realización de probas escritas.
	TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.	1ª avaliación	Identifica correctamente os esforzos de compresión, tracción, flexión, cizalladura, corte e pandeo.	Realización de exercicios. Realización de probas escritas.
▪ Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación				
5	TEB5.2.1. Manexa espazos web, plataformas e outros sistemas de intercambio de información.	Todas as avaliacións	Saber manexar navegadores web, selección adecuada da información e editar correctamente esta nos formatos requeridos	Observación directa
	TEB5.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.	Todas as avaliacións	Saber a importancia de non dar a coñecer datos persoais e os riscos que leva.	Observación directa
	TEB5.3.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	Todas as avaliacións	Utilizar os equipamentos de forma responsable.	Observación directa.
	TEB5.3.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.	Todas as avaliacións	Saber elaborar un documento en un procesador de textos, exportalo a formato "PDF" e difundilo electrónicamente.	Observación na aula e nota do informe técnico dos diferentes proxectos.

Análise por unidades didácticas, actividades e instrumentos de avaliación

TECNOLOXÍA 2ºESO			
AVAL	U D	ACTIVIDADES	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
1ª, 2ª e 3ª	UD 1 (Bloque 1)	Plan de traballo para a resolución de problemas técnicos	Informe técnico de cada proxecto. <i>(desenvolvese durante todo o curso)</i>
	UD 2 (Bloque 5)	TIC: procesador de textos, multimedia e internet	Avaliación segundo rúbrica2
1ª	UD 3 (Bloque 2)	Expresión e comunicación gráfica: Esbozo e bosquexo e vistas	Actividades e proba escrita
	UD 4. (Bloque 4) Estructuras	Tipos de estruturas. Elementos e características	Actividades Proba escrita
		Identificación de esforzos	
	Proxecto	<ul style="list-style-type: none"> Estructura de papel resistente a unha carga 	Rúbrica 1 e 2
2ª	UD 5. (Bloque 3) Materiais e ferramentas	Clasificación de materiais. Obtención madeira e Aceiro	Actividades Proba escrita
		Identificación de ferramentas e boas prácticas nas operacións básicas de conformado	
	UD 6. (Bloque 3) Mecanismos	Máquinas simples	Actividades Proba escrita
		Mecanismos de transmisión e transformación do movemento	
	Proxecto	<ul style="list-style-type: none"> Incorporar mecanismo manual transformación movemento na estrutura 	Rúbrica 1 e 2
3ª	UD4. (Bloque 3) Electricidade	Definicións, elementos e conexiónado serie, paralelo	Actividades Proba escrita
	Proxecto	<ul style="list-style-type: none"> Incorporar instalación eléctrica na estrutura 	Rúbrica 1 e 2
Proxecto final		<ul style="list-style-type: none"> Pequeno proxecto (a determinar) 	

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

Desde o punto de vista metodolóxico, a ensinanza desta materia será **fundamentalmente práctica** polo que require que se realicen proxectos nos que se traballe en equipo, preferiblemente de tres alumnos. Cada equipo deseñará e planificará a solución ao problema plantexado, construírá o prototipo e elaborará un pequeno informe técnico.

A estratexia metodolóxica para desenvolver cada UD fundamentalmente constará das seguintes etapas:

- Pequena exposición teórica de contidos e realización de diferentes actividades
- Realización da proba escrita, se é pertinente
- Plantexamento do proxecto, investigación e análise de posibles solucións
- Construción do prototipo e elaboración do informe
- Entrega, avaliación do proxecto = prototipo + informe técnico

Nesta materia son importantes a iniciativa, a colaboración en todas as tarefas realizadas polo grupo, o respecto polas normas de seguridade, e polo traballo dos compañeiros, polo que, penalizaremos todas as condutas e accións contra estes principios básicos e valoraremos positivamente o correcto seguimento.

As TIC son ferramentas totalmente imprescindibles para a busca de información, para a elaboración de documentos e planos, para a realización de simulacións e cálculos técnicos, para a presentación ou a publicación de resultados e incluso para a elaboración de proxectos dixitais mediante programas de aplicacións de escritorio dos ordenadores da aula. Tamén utilizaremos bastantes recursos online.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR.

Este curso, imos ter libro dixital, polo que as veces o alumnado debe fotocopiar e traer as fichas que lle indique a profesora. Tamén van precisar un caderno tamaño A4, lapis, goma, bolígrafos e material de debuxo.

Imos utilizar todos os recursos dos que dispón o Taller de Tecnoloxía, tanto o equipamento informático, mecánico, de ferramentas, material multimedia e biblioteca de aula como de materiais necesarios para a construción dos prototipos (cartón, papel, contrachapado, aglomerado, arames metálicos, pilas, cables eléctricos, motores de CC,.....).

Valorarase o reciclado e sobretodo o aproveitamento do material polo que se penalizará o gasto excesivo de material e o uso inadecuado e inseguro de ferramentas.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Criterios de avaliación: Rúbricas

1. Observación directa:

- Tolerancia e actitude respetuosa cara aos demais compañeiros.
- Participación en clase e Participación no grupo con ideas e traballo individual.
- Utilización de forma adecuada dos computadores, as ferramentas, máquinas-ferramentas, instrumentos de medida e do mobiliario e resto de instalacións da aula-taller.
- Cumprimento das normas de seguridade e hixiene.
- Aproveitamento do material.

Rúbrica3: Avaliación do cumprimento das normas de aula	
Asistencia, puntualidade e interés	Cada falta de puntualidade desconta 0,20ptos
	Cada chamada de atención por ruído ou falar en alto sen permiso do profesor desconta 0,30ptos
	Cada vez que faga outras actividades non planificadas pola profesora, incluíndo non facer nada, desconta 0,50ptos
Respeto aos compañeiros	Cada vez que se comporte de forma non respetuosa con compañeiros 0,75ptos
Coidado do mobiliario, ferramentas, máquinas e equipos informáticos.	Cada aviso por mal coidado desconta 1pto
A nota mínima par facer media é un 5, polo que, se o alumno perde máis de 5 pto nunha avaliación terá suspensa esa avaliación. O profesor pode decidir, se é pertinente, como pode recuperar pto o alumno.	
Se o profesor considera que a falta de cumprimento de calquera das normas é suficientemente grave para por un parte este supón a perda do total do apartado=10%, polo tanto dun punto da avaliación, aparte do castigo imposto polo xefe de estudos.	

2. Caderno, actividades realizadas e traballos individuais:

- Expresión escrita e gráfica. Orde e limpeza. Elaboración de todas as actividades, incluídas as realizadas nos días de non asistencia a clase.
- Entrega en prazo.Non se recollerán traballos nin cadernos despois da data fixada polo profesor para a súa entrega, agás faltas de asistencia debidamente xustificadas. A nota correspondente ao traballo ou caderno non entregado será 0. Na seguinte avaliación darase a oportunidade de presentar de novo o caderno das anteriores, sendo a máxima nota que se poida obter un 5.

3. Prototipos construídos:

Rúbrica1: Avaliación do prototipo construído	
O prototipo dá solución ao problema plantexado	
Funciona correctamente	
Estética e Acabado	
Orixinalidade	
Participación persoal nas tarefas de equipo	
Aproveitamento do material	
Uso correcto das ferramentas	
Respeto as normas de seguridade e hixiene	
Traballa de forma ordenada, respetuosa e silenciosamente	

4. Informe técnico:

Rúbrica2: Avaliación do informe técnico		
Completo:	Plantexamento	
	Esbozo con medidas aproximadas	
	Planificación:materiais e ferramentas	
	Construcción: descripción do proceso, reparto de tarefas e modificacións introducidas	
	Autoavaliación: - Defectos e posibles melloras - Proceso e traballo do grupo	
Presentación		
Entrega en prazo. <i>Fora de prazo a nota será como máximo un 5</i>		

5. Probas e exames escritos:

- Serán cuestións sobre aspectos teóricos ou prácticos, exercicios ou problemas similares aos realizados na clase. A profesora que imparte a materia decide o número de exames por unidade didáctica pero de forma xenérica farase un exame cada UD.

